



COGAMI

COGAMI

nº 44 / setembro 2019
Edición trimestral



Os Premios Oca Awards recoñecen o labor de COGAMI



O veleiro Laion permanece atracado no náutico de Ares ata a vindeira tempada



Alumnado dun dos obradoiros realizados

O Laion arría velas e despide a tempada de verán superando as trinta travesías

Remata o verán e con el o proxecto Galicia Vela Adaptada (GAVEA) co que se pretende achegar a experiencia de navegar nun veleiro adaptado a persoas que, de non ser por esta oportunidade, non poderían experimentalala. Durante esta tempada, foron máis de 200 persoas as que participaron nalgunha das 32 travesías ou saídas programadas polas rías galegas: Ribadeo, Pontevedra, Muros, Camariñas, A Coruña, Ares e Betanzos.

As derradeiras travesías deste verán serán a finais de setembro, coa realización de 6 saídas en Sada nas que embarcarán persoas usuarias do CPAP de Bergondo. O Laion é un veleiro incautado en 2002 ao narcotráfico e, dende que o ten cedido en garda e custodia a asociación muradá Adisbismur, membro de COGAMI, posibilita que as persoas con discapacidade poidan participar en actividades náutico-deportivas.

COGAMI sensibiliza sobre discapacidade a profesionais e alumnado de centros escolares

Un total de 51 centros de educación primaria e secundaria de A Coruña, Lugo, Vigo e Ourense participaron durante este primeiro semestre do ano no programa 'Promoción da Educación Inclusiva de Soporte á Atención ao Alumnado con Necesidades Específicas por Motivos da súa Discapacidade'. Por medio deste proxecto, COGAMI pretende formar sobre a discapacidade ou no ámbito das tecnoloxías tanto a profesorado como tamén ao alumnado a través de actividades de sensibilización. Durante este ano participaron 232 docentes en formacións e/ou sensibilizacións mentres que o número de alumnas e alumnos ascendeu a 1.115 participantes en actividades de sensibilización en igualdade e diversidade, obradoiros de accesibilidade a través de xincanas inclusivas, en charlas de prevención de lesión medular e tamén realizando serigrafías con papel reciclado.

Este proxecto que realiza COGAMI en Galicia faise a través de COCEMFE (Confederación Española de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica) e é financiado a través dos fondos do 0,7% do IRPF que proveñen cando as persoas contribuíntes marcan o recadro de Actividades de Interese Social cando fan a declaración da renda.

As temáticas das formacións impartidas polas tres profesionais que levan a cabo este proxecto son sobre: Diversidade afectiva-sexual e de xénero, Dinamización de patios de recreo inclusivos, Boccia e outros deportes adaptados ademais de sobre Produtos de apoio para as Actividades da Vida Diaria e acceso ás TIC.

Este programa conta tamén con titoras e titores que teñen por misión motivar, sensibilizar, acompañar, informar e formar no uso das tecnoloxías inclusivas ao profesorado.



Alumnado do curso trala entrega de diplomas

O programa Máis Emprego remata curso con entrega de diplomas

Acto de entrega de diplomas para os doce alumnos que completaron satisfactoriamente o curso de Expendedor de combustible que COGAMI impartiu en Pontevedra. Esta formación, integrada no programa de inserción laboral Máis Emprego que financian Fundación Bancaria "la Caixa" e o Fondo Social Europeo, ten por finalidade dotar de competencias necesarias ás persoas con discapacidade ou incapacidade laboral recoñecida de

para á inserción laboral. O alumnado, procedente dos concellos de Moraña, Barro, Marín, Pontevedra, Poio e Ponte Caldelas, recibiu clases teóricas e prácticas que puideron desenvolver en distintas gasoleiras de Caldas e Pontevedra. Dende que iniciou este programa en 2017, formáronse 177 persoas (74 mulleres e 103 homes) nos 16 cursos impartidos ata agora.



O equipo de profesionais de COGAMI en Pontevedra nas novas instalacións



Sinatura de convenio entre COGAMI e Sergas

Novas instalacións de COGAMI en Pontevedra

O Servizo de Orientación e Intermediación Laboral (SIL) que COGAMI ten en Pontevedra mudou para unhas instalacións máis accesibles, máis amplas e mellor preparadas para atender ás nosas persoas usuarias. Este é o novo enderezo: rúa da Cruz Vermella, nº 16, baixo. As novas instalacións contan cunha extensión de 90 metros cadrados nos que hai habilitados tres despachos de atención ao público, facilitando a privacidade durante as entrevistas que realizan as tres orientadoras laborais ás persoas usuarias.

Ademais destes tres despachos independentes, tamén está habilitado un espazo común, lugar que comparten unha técnica e dous técnicos de emprego do programa Máis Emprego de inserción laboral que financian Fundación Bancaria "la Caixa" e o Fondo Social Europeo. Outras das melloras acadadas con este traslado son as dúas prazas reservadas situadas mesmo diante da porta de acceso, o que facilitará o estacionamento na zona ás persoas con mobilidade reducida e usuarias de tarxeta.

Política Social, Sergas e COGAMI a favor da autonomía persoal

As instalacións do Centro Galego de Desenvolvemento Integral para persoas con discapacidade, máis coñecido como CEGADI, acolleron a sinatura dun acordo de colaboración entre COGAMI e a Xerencia da Estrutura de Xestión Integrada de Santiago de Compostela (EOXI) para apoiar o Proxecto Innovador centrado na investigación de novas metodoloxías, terapias e intervencións encamiñadas a mellorar a autonomía das persoas en situación de dependencia dende a idade temperá. Con este acordo preténdese dar a coñecer entre as persoas usuarias dos servizos sanitarios do Complexo Hospitalario Clínico Universitario de Santiago as intervencións que se levan a cabo no Proxecto Innovador, sendo estas fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia, neuropsicoloxía, psicomotricidade, estimulación sensorial, habilidades sociais, coñecemento dos recursos da contorna, formación, emprego ou accesibilidade. Todas estas intervencións teñen por finalidade contribuir a que as persoas con discapacidade ou en situación de dependencia consigan o maior grao de autonomía en consonancia co seu plan de vida. Tralo acordo, o persoal adscrito aos servizos do CHUS ofrecerá información acerca da existencia e finalidade do Proxecto Innovador ás persoas que poden ser beneficiarias, sendo tanto adultas con discapacidade física e/ou orgánica e/ou dependencia ata 60 anos ou menores dende a idade temperá ata a adolescencia con discapacidade física e/ou orgánica e/ou dependencia.



Asistentes á pasada visita que se realizou nas outlets Integratex en Allariz

Éxito de participación nas xornadas de portas abertas que realiza COGAMI

O centro especial de emprego Integratex, situado en Allariz, o CEGADI e o centro de recursos que COGAMI ten en Monteporreiro (Pontevedra) foron os tres centros de traballo escollidos durante este ano para realizar as xornadas de portas abertas que dende hai 2 anos está a desenvolver COGAMI. Por medio destas xornadas preténdese amosar a realidade de centros de traballo diferentes ao habitual, co fin de que todo o persoal que conforma a Confederación teña a oportunidade

de coñecer máis polo miúdo a organización na que traballa. A primeira das visitas foi ás tendas Massimo Dutti e Tempe situadas no centro comercial outlet de Allariz e a seguinte foi ao centro de recursos Monteporreiro onde, tras ver as instalacións, as persoas usuarias do centro interpretaron unha obra de teatro. A última xornada de portas abertas ata hoxe foi no CEGADI, para ver o Proxecto Innovador para Promoción da Autonomía Persoal.

O servizo de emprego de COGAMI desprázase ata o rural para atender ás persoas usuarias

Un equipo formado por 12 profesionais trasládase dous días á semana a concellos do rural, co fin de evitarlles desprazamentos ás persoas usuarias que teñen máis complexa a mobilidade por falta de transporte e, no caso de telo, este non é accesible.

O Servizo de Orientación e Intermediación Laboral (SIL) de COGAMI, que atende ás persoas con discapacidade que buscan emprego, está situado nas instalacións que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade ten nas sete cidades galegas. Como moitas das persoas que demandan este servizo viven en municipios rurais, co fin de facilitarlles unha atención máis doada, son as e os profesionais quen se desprazan ata estas zonas durante dous días á semana. Estes desprazamentos que realiza o SIL pretenden achegar o servizo ao rural e evitar que sexan as persoas usuarias as que se teñan que desprazar ata as cidades, dadas as dificultades de desprazamento nas zonas rurais como son a carencia de transporte público ou, no caso de habelo, os horarios son pouco flexibles e os vehículos non son adaptados.

12 profesionais atenden no rural María, Yolanda, Ana, Iván, Raquel, Toñi, Carlos, Efi, Mónica, M^a Dolores, Conchi e Lucía son os nomes

das e dos orientadores laborais encargados de traballar coas persoas usuarias que viven nas zonas rurais galegas. En total son 12 profesionais que prestan servizo a máis de 8.600 persoas inscritas como demandantes de emprego na base de datos que manexa o SIL no medio rural. Esta atención chega a 223 concellos e ocasiona uns desprazamentos que se cuantifican anualmente en máis de 65.600 quilómetros percorridos polo equipo de orientación laboral, co fin de atender as necesidades das persoas usuarias.

Se ben COGAMI conta con instalacións propias nas sete principais cidades galegas, cando realiza estes desprazamentos fóra das instalacións, a atención prodúcese en espazos cedidos por organismos públicos, como locais municipais. Existe un contacto fluído entre COGAMI e os servizos de orientación e traballo social da administración local; cada vez que unha persoa con discapacidade pide atención nestes servizos municipais,

son os propios profesionais municipais os que se encargan de derivalas a COGAMI para realizarlles unha entrevista.

Cando o SIL se despraza, actúa cun procedemento similar en todos os puntos de atención: a orientadora ou orientador xestiona unha cita presencial coa persoa usuaria por teléfono ou por correo electrónico. Esta cita presencial servirá para actualizar o curriculum, os datos persoais e tamén para preguntarlle por inquiredanzas e preferencias para desenvolver un posto de traballo. Aparte da atención directa coas persoas inscritas no SIL, outra das funcións do Servizo de Orientación e Intermediación Laboral é manter o contacto fluído coas empresas da zona para sensibilizar e informar sobre os perfís de persoas que conforman a base de datos. Segundo isto, cada vez que se desprazan á zona rural, visitan empresas ás que lles presentan os servizos do SIL de cara á creación de emprego para persoas con discapacidade.



María Brión
Orientadora das comarcas de Betanzos e A Coruña

Percorre preto de 2.695 km anuais para atender as necesidades das persoas usuarias dos 15 concellos que atende María Brión. Hai 602 persoas apuntadas na bolsa de emprego destas comarcas, e realizáronse 89 orientacións no que vai de ano.



Yolanda Grandal
Orientadora das comarcas de Bergantiños e Soneira

Son arredor de 4.400 km os que percorre ao ano Yolanda Grandal para coñecer as necesidades das persoas usuarias dos 10 concellos que atende. Na zona hai 614 persoas apuntadas na bolsa de emprego, das que 76 foron orientadas e 24 inseridas laboralmente.



Ana Carballo
Orientadora das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal

Ana Carballo desprázase a 17 concellos, co que percorre anualmente preto de 6.000 km para prestar servizo ás 911 persoas inscritas na base de datos. Durante este ano, realizou 110 orientacións, das que 30 persoas atoparon emprego.



Iván Lamela
Orientador das comarcas de Muros, Noia, Barbanza e Sar

Percorre 9.000 km anuais para coñecer as necesidades das persoas usuarias dos 14 concellos que atende, e que contan cunha bolsa de emprego con 951 persoas apuntadas. Iván Lamela leva realizadas 106 orientacións, das que se conseguiron 70 insercións.



Raquel Grandío
Orientadora da comarcas de Terra Chá e Muras

Os desprazamentos para atender ás 676 persoas inscritas na bolsa de emprego dos 30 concellos que atende, fan que anualmente Raquel Grandío supere os 12.000 km. Das 120 orientacións realizadas no ano, houbo 39 persoas que atoparon emprego.



Toñi Ares
Orientadora das comarcas Ulla, Sarria, Ancares, Quiroga, Chantada e Terra de Lemos

6.250 km anuais percorre Toñi Ares para coñecer as necesidades das persoas dos 26 concellos que atende, e que conta con 423 persoas na bolsa de demandantes de emprego. Realizou 94 orientacións e logrou que 17 persoas atoparan un traballo no que vai de ano.



Carlos Montero
Orientador das comarcas de Viana, Verín, A Limia e Celanova

Carlos Montero leva realizadas no ano 122 orientacións das que 39 derivaron nunha inserción laboral. Ao ano, este orientador recorre 4.200 km para atender as necesidades dos 36 concellos que atende, e que suman 608 persoas inscritas na base de datos.



Efi Levices
Orientadora das comarcas de Valdeorras, Ribeiro e O Carballiño

O ámbito de actuación de Efi Levices suma 656 persoas inscritas como demandantes de emprego. Ata agora, realizou 104 orientacións das que 14 derivaron en inserción laboral. Percorre máis de 9.500 km para atender as demandas das persoas usuarias.



Mónica Luaña
Orientadora das comarcas de Caldas, Deza, Tabeirós e Terra de Montes

Máis de 3.900 km percorre esta orientadora para poder atender as necesidades das 700 persoas que están apuntadas na base de datos. Mónica Luaña realizou no que vai de ano 120 orientacións das que 44 remataron en inserción laboral.



Dolores Iglesias
Orientadora das comarcas de O Morrazo e O Salnés

Estas comarcas son unhas das que teñen máis persoas inscritas na base de datos: 1.090 persoas. Para poder apoialas, M^a Dolores Iglesias percorre anualmente máis de 2.400 km, co fin de realizar orientacións como as 119 efectuadas ata agora, das que 45 remataron en contrato laboral.



Conchi Ayude
Orientadora das comarcas de Baixo Miño, Val Miñor e Vigo

Son arredor de 3.800 km anuais os que percorre Conchi Ayude para coñecer as necesidades das persoas usuarias dos 9 concellos que atende. No que vai de ano, realizou 101 orientacións laborais das que 36 remataron en insercións, e tamén contactou con 6 empresas da zona ás que lle presentou o SIL.



Lucía Chaves
Orientadora das comarcas de Vigo, Condado e Paradanta

Un total de 13 concellos son os que percorre Lucía Chaves para atender ás 765 persoas que están inscritas na base de datos. Ata o de agora realizou 94 orientacións, das que 42 finalizaron cunha inserción laboral. Para atender ás necesidades do rural, esta orientadora suma máis de 5.500 km anuais.



Imaxe actualizada da flota de vehículos de transporte adaptado Accede Social



Traballador de Dixardín facendo compostaxe

Accede Social actualiza a súa imaxe de marca e estrea páxina web

Toma nota: Accede Social. Así é como se denomina a partir de agora o centro especial de emprego dedicado ao transporte adaptado de persoas, o que anteriormente coñecíamos como CoincoTransporte Adaptado. Esta iniciativa actualiza a súa imaxe de marca, sendo agora máis fresca, máis preta e máis accesible, como os servizos de transporte que presta dende o ano 2001. Ademais, Accede Social estrea

páxina web, na que presenta todos os servizos que presta: www.accedesocial.gal. A diferenza que marca Accede Social con outras empresas de transporte de persoas é que presta servizos a persoas con discapacidade e ofrece oportunidades a este colectivo, servindo como exemplo o equipo de traballo que ten, o cen por cen son persoas con certificado de discapacidade.

Compromiso coas persoas e co coidado do medio ambiente

Co inicio do curso escolar, o estudiantado expresou a intención de saír á rúa novamente para alertar sobre o estado de saúde do noso planeta e o noso deber de coidalo. Isto para COGAMI non é novo: sempre tivo moi presente o medio ambiente, por iso, decidiu crear iniciativas empresarias relacionadas coa reciclaxe.

COREGAL, TRAMEVE e Dixardín son tres iniciativas que COGAMI abriu para crear emprego e para traballar no coidado do medio ambiente, un binomio que ten que ir aparelado por ser un compromiso tanto coas persoas e como coa natureza.

COREGAL, que iniciou tras finalizar unha formación sobre reciclaxe organizada pola Unión Europea, dedícase á xestión integral de residuos. De recoller só papel e cartón pasou a recoller, reciclar e deseñar proxectos enmarcados na economía circular, trata os residuos e convérteos en útiles para que as empresas poidan reincorporalos na súa actividade.

TRAMEVE, tamén inicia tras un proxecto europeo de descontaminación de vehículos, dedícase ao despece ecolóxico de vehículos para a posterior venda das pezas de segunda man, fomentando o consumo responsable de recursos. Destaca a aposta pola formación dos seus 14 traballadores na xestión de baterías de vehículos eléctricos ou híbridos ao final da vida útil.

Dixardín, empresa de xardinería que presta servizos de deseño, obra e mantemento de zonas verdes e xardíns, conta con persoal formado como mestre composteiro, unha titulación imprescindible para os vindeiros anos: a Unión Europea esixirá reciclar o 65% dos residuos para o ano 2035 en compost, para ser reutilizado en xardinería, no sector agrícola e na rexeneración de áreas degradadas. Con Dixardín e a compostaxe, contribuímos ao obxectivo de resíduo cero.



Activa Social ETT conta con instalacións en Santiago e Vigo

Activa Social ETT apoia a inserción laboral na empresa ordinaria

Neste primeiro semestre do ano, 119 persoas con discapacidade atoparon emprego a través de Activa Social ETT, empresa de traballo temporal que nace en 2013 co fin de apoiar a inserción laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria.

Cando Activa Social recibe unha oferta dunha empresa, válese de varias vías para recrutar perfís: a través do Servizo de Intermediación Laboral de COGAMI, a través de currículos

que lle entran a través da web www.activasocialett.com e tamén difunden a oferta en portais de emprego especializados, centros formativos ou universitarios, por exemplo.

Sectores como téxtil, alimentario, hostaleiro e servizos son os que máis demandan persoal a Activa Social, unha empresa que ten como valor as persoas con discapacidade, para as que xera oportunidades laborais e fomenta a igualdade social.



Representantes do Concello, USC e COGAMI durante a xuntanza mantida no Reitorado

COGAMI, a USC e o Concello de Santiago traballarán pola accesibilidade do Campus Sur compostelán

A Universidade de Santiago, o Concello Compostelán e COGAMI acordaron realizar un plan de recuperación do Campus Sur Universitario, co fin de convertelo nun espazo totalmente accesible, máis inclusivo e igualitario. Este acordo tomouse nunha reunión desenvolvida na sede central da USC, na que participaron o xerente da institución académica, Xavier Ferreira; os concelleiros de Presidencia, Gumersindo Guinarte; e de Centros Socioculturais, José Javier Fernández; xunto ao presidente de COGAMI, Anxo Queiruga, e o coordinador da área de

Accesibilidade, Álvaro García. Tras este acordo, COGAMI vai realizar labores que permitan arranxos no campus e que faciliten a todas as persoas o acceso a calquera edificio, facultade e centro deportivo, así como transitar sen obstáculos por calquera das súas rúas. Todas estas accións serán realizadas persoal técnico e especialista en accesibilidade universal de COGAMI, un equipo formado por 2 arquitectos, 1 máster en accesibilidade e 1 enxeñeira de camiños. O traballo iniciará cunha auditoría para analizar as condicións de

accesibilidade das rúas, beirarrúas e dos edificios localizados no campus Sur, co fin de facelos gradualmente accesibles de acordo coa normativa vixente, para que todas as persoas poidan utilizalos de maneira libre e autónoma.

Este primeiro estudo, que concluirá cunha proposta de obras necesarias para a mellora da accesibilidade e a súa valoración económica, contemplará as actuacións prioritarias a acometer, tras ser avaliadas segundo criterios como: deseño e situación, localización e importancia urbana, demanda cidadá, valoración técnica e custos das actuacións.



Exteriores da residencia de maiores e centro de día de Arteixo

COGAMI amplía servizos de atención a maiores coa xestión dunha residencia e centro de día en Arteixo

Foi durante o ano 2010 cando COGAMI decidiu presentarse por vez primeira a un concurso público para levar a xestión dun centro de día de maiores, unha decisión sempre avalada pola longa experiencia da Confederación na prestación de servizos para a promoción da autonomía persoal. Dende entón, son 11 os centros de día de maiores que xestiona, sendo as últimas incorporacións estreadas durante este ano en Arteixo: un centro de día con 40 prazas e unha residencia que dispón de 64 prazas.

COGAMI, xunto con SIAD24, empresa experimentada en servizos no ámbito da dependencia, e COMBINA Social

S.L., centro especial de emprego con experiencia en servizos auxiliares, e que pertence a COGAMI, son quen xestiona conxuntamente o Fogar Residencial e Centro de Día de Arteixo, situados na Rúa Río Tambre. Esta UTE encárgase tanto da xestión do persoal laboral como do mantemento das instalacións.

A residencia foi construída pola Fundación Amancio Ortega para posteriormente serlle cedida ao concello de Arteixo. Cunhas instalacións de vangarda e equipadas para a prestación de todos os servizos, actualmente pertence ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da

Xunta de Galicia, polo que, para poder acceder a unha das prazas que se ofertan, serán os servizos de valoración da Xunta de Galicia os que decidan e valoren ás persoas para seren usuarias.

Actualmente, a residencia ten ocupadas 61 das 64 prazas que ofrece e o centro de día cunha ocupación de 25 das 40 prazas que oferta para persoas maiores. Ademais da estadia no centro, tamén se presta servizo de manutención con menús adaptados ás características individuais de cada unha das persoas usuarias e conta cun servizo de transporte adaptado que realiza o traslado ás persoas dende as súas casas ata o centro de día.

Fernando Jiménez Zulliani

Presidente e fundador de ACCU Ourense

“En Galicia hai máis de 8.000 persoas afectadas por enfermidade inflamatoria intestinal, unha cifra que medra anualmente”

Cunha traxectoria que supera os 14 anos, ACCU Ourense foi recoñecida publicamente polo labor que desenvolve en favor das persoas que teñen Crohn ou Colite Ulcerosa e persoas ostomizadas. Unha campaña iniciada en Galicia para facer accesibles os baños a persoas ostomizadas estase exportando a outras cidades españolas.



Como para calquera persoa, uns hábitos de vida saudables son imprescindibles. Hai que aprender a vivir coa enfermidade. O termo de vida normalizada é ambiguo, que é unha vida normalizada? O que tes que facer é normalizar a situación e fabricar a túa contorna, priorizar na saúde e tirar para adiante. ACCU está para facilitar o camiño, para que a sociedade nos teña en conta e poidamos loitar en igualdade de condicións.

"ACCU está para facilitar o camiño, para que a sociedade nos teña en conta e poidamos loitar en igualdade de condicións"

COGAMI. ACCU Ourense nace en 2005, por que é necesaria esta entidade?

Fernando Jiménez. A Asociación de Persoas Enfermas de Crohn e Colite Ulcerosa de Ourense é necesaria porque haille que dar cobertura socio-laboral ao colectivo de pacientes que representamos. Fai falta apoio psicolóxico, xurídico e orientación, non só á e ao paciente, tamén ás familias e, sobre todo, visibilizar a enfermidade inflamatoria intestinal nas Administracións Públicas, empresas e ao resto da sociedade.

Canta xente hai en Galicia afectada por enfermidade inflamatoria intestinal e cales son os efectos que ten para elas esta enfermidade?

Hai máis de 8.000 persoas afectadas en Galicia, algo máis de 800 só na provincia de Ourense e

cun crecemento anual significativo tanto de Crohn como de Colite Ulcerosa. O impacto da enfermidade inflamatoria intestinal no paciente é brutal. O proceso de adaptación é complexo, estamos falando dun diagnóstico que será para toda a vida por tratarse dunha doenza crónica.

Pódese chegar a facer unha vida máis ou menos normal pero hai que ser conscientes da realidade, estar ben informados e ter unha adhesión ao tratamento dende o primeiro momento. En moitos casos, é unha enfermidade incapacitante.

Como é o día a día dunha persoa que ten esta doenza? Permítelle levar unha vida normalizada?

Cada paciente é un mundo e depende de moitos factores. Hai que procurar levar unha vida sa e manter certa actividade física.

Na vosa entidade, recibistes algunha denuncia de persoas que, por exemplo, tiveran problemas no traballo por ter esta enfermidade? Hai moitas persoas que tiveron problemas no traballo porque non podían cumprir coa súa xornada con normalidade. A dependencia dun cuarto de baño, os esforzos físicos en ocasións, as baixas médicas, as consultas continuadas a un especialista, as dores musculares, o insomnio,... son moitos os factores que inflúen para non poder exercer algún traballo, sempre tendo en conta que non é así en todos os casos. Para o estudantado, ás veces

resúltalles moi complexo, sobre todo en época de exame. A flexibilidade do horario laboral facilitaría en moitos casos poder realizar a xornada de traballo.

Parabéns polo premio que vos entregou a Asociación Contra o Cancro de Ourense, un galardón que recoñece a campaña que estades levando a cabo para adaptar os baños a persoas ostomizadas. En que consiste esta campaña?

Moitas grazas. Estamos moi agradecidos á Asociación contra o Cancro de Ourense por este recoñecemento. Xa hai máis de dous anos que Galicia se converteu na primeira Comunidade en instalar baños adaptados a persoas ostomizadas nos principais hospitais. Había pacientes ostomizados que nos trasladaban o necesarios que eran. Despois de moitos estudos e esforzo, conseguimos que unha empresa ourensá, Aceros Argiminio, nos axudara a crear un equipo que valera para instalar en calquera sitio e calquera situación, sen necesidade de acometer obras, reducindo moito o custo. O obxectivo é que as Administracións, as empresas e os particulares poidan instalalos doadamente para dar cobertura real a un colectivo. A empresa ourensá Galmédica distribúeos por toda España.

Como debe ser un baño adaptado para as persoas ostomizadas, que necesitan?

Debe permitir realizar baldeirado da bolsa dunha forma digna e en condicións hixiénicas óptimas. Un inodoro ten que estar a unha altura do chan que permita realizar este baldeirado estando de pé porque a bolsa está adherida á altura do ventre, ten que dispor dun estante, dun espello para poder ver a bolsa, unha billa pequena con pulsador para poder lavar a bolsa e todo isto, tendo o dispensador do papel e xabón ao carón da persoa.

Todos os anos, o 19 de maio conmemórase o Día Mundial da Enfermidade Inflamatoria Intestinal e para celebralo promovedes

a iluminación de edificios emblemáticos coa cor morada, que é a que representa a patoloxía. Que edificios vos gustaría que foran iluminados e que aínda non se conseguiu en Galicia?

Se por min fora, todos os edificios que xa dispoñen de alumeado nocturno poñeríao en morado ese día. A maior visibilidade, maior repercusión social.

Cal sería o obxectivo desta campaña?

Facer visible unha enfermidade invisible. Temos que facernos visibles para poder concienciar, xerar debate.

Credes que a sociedade está máis sensibilizada con esta doenza?

Cada vez estamos máis preto, pero queda moito por loitar aínda. Xa somos un colectivo importante en canto a número, 300.000 persoas en toda España e medrando. A Confederación Nacional de ACCU España engloba a 36 entidades. Levan preto de 50 anos loitando polos dereitos das persoas afectadas con enfermidade inflamatoria intestinal e ostomizadas. Pero os pacientes temos que involucrarnos máis. Temos que cambiar o chip e darnos conta de que o asociacionismo é necesario

para apoiar ás asociacións de pacientes e así poder visibilizar e ir conseguindo obxectivos. Falta moita sensibilización social aínda.

"Temos que facernos visibles para poder concienciar"

Cal é o obxectivo que tedes agora en mente dentro da asociación, cara onde queredes orientar o voso labor?

O noso labor seguirá sendo o mesmo: dar continuidade aos proxectos de intervención e apoio social, xurídico, sanitario e laboral a pacientes e familiares, visibilizar e concienciar ás Administracións e á sociedade en xeral.

Dos obxectivos prioritarios, sobre os que xa levamos traballando varios anos, son o protocolo en educación para pacientes con enfermidade inflamatoria intestinal e a lexislación para a implementación de baños adaptados para persoas ostomizadas, que permita así dar cumprimento á Lei 10/2014 de 3 de decembro de accesibilidade.



O premio a ACCU Ourense foi entregado pola Conselleira de Política Social



A primeira pola esq., Laura Quintas, presidenta de Discafis-COGAMI



A Presidenta de ACADAR intervén durante a visita

Discafis, unha das entidades ourensás reunidas co Concello para abrir vías de colaboración

Co fin de establecer vías de colaboración, foron oito as entidades ourensás representativas da discapacidade as que se reuniron coa concelleira de Política Social, Igualdade e Sanidade do concello de Ourense, Eugenia Díaz.

No encontro, no que ademais de Discafis-COGAMI, estiveron: Down Ourense, Renacer, Asociación de Persoas Xordas de Ourense, Aspanas, Autismo Ourense, Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e a Asociación de Familiares e Enfermos Mentais Morea, Eugenia Díaz amosou

a vontade para reforzar políticas destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade en Ourense, segundo indicou "a través do diálogo constante coas entidades". Pola súa banda, dende a representación do movemento asociativo que asistiu á xuntanza, trasladóuselle á Concelleira a necesidade de establecer vías de colaboración para dar un paso máis na inclusión das persoas con discapacidade e na partición social en igualdade de oportunidades.

A Secretaria Xeral de Igualdade visita o programa Enrédate de ACADAR

A Secretaria Xeral da Igualdade, Susana López Abella, visitou ás mulleres de Vila de Cruces participantes do Programa Enrédate que desenvolve a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia e que cofinancia a Secretaría Xeral da Igualdade e o Fondo Social Europeo.

Na visita, estivo estiveron tamén a concelleira de Benestar, Mireya Otero Martínez, a presidenta de ACADAR, Mónica Álvarez San Primitivo e as representantes municipais do PP, Beatriz Iglesias, e do BNG, Carlota Salgado.



Persoas usuarias da entidade A Mariña COGAMI participan nunha actividade no centro



A obra congregou a familiares de Monteporreiro

A Mariña-COGAMI desenvolve programa de autonomía persoal con fondos do 0,7% do IRPF

A Asociación de Persoas con Discapacidade de A Mariña Lucense (A Mariña-COGAMI) desenvolve un programa de Desenvolvemento Integral que beneficia a 11 persoas usuarias da entidade, un proxecto posible co financiamento dos fondos do 0,7% de IRPF da declaración da renda, que proceden das persoas contribuíntes que marcaron o cadro de "Actividades de interese Xeral consideradas de interese social" e que xestiona a Xunta de Galicia dende hai dous anos.

O programa de Desenvolvemento Integral pretende promover a adquisición e mellora das habilidades sociais, formativas e prelaborais. Outras das finalidades que ten en beneficio das persoas con discapacidade de A Mariña é a de desenvolver técnicas que favorezan a habilitación funcional da persoa beneficiaria, reducindo a incidencia da discapacidade. Para poder levalo a cabo, este programa conta cun financiamento de 36.031,67 euros.

O centro de Monteporreiro estrea obra teatral

Éxito de asistencia de público á obra teatral *Por fin sos* que interpretaron persoas usuarias do centro de recursos que COGAMI ten en Monteporreiro, na cidade de Pontevedra.

A obra, que en todo momento foi acompañada polos sorrisos das persoas asistentes, pretendeu sensibilizar sobre as capacidades que temos todas as persoas e promover unha imaxe normalizadora da discapacidade. Neste día, o centro presentou tamén un programa televisivo I-Guais que xira en torno á igualdade entre homes e mulleres.



O número de participantes superou a centena na edición deste ano



Fisioterapia é unha das actividades que financia

Éxito de participación no proxecto 'Pedaleando e navegando por unha ría inclusiva'

Un ano máis, a Federación COGAMI-Pontevedra desenvolveu *Pedaleando e navegando por unha ría inclusiva*, un programa que pretende integrar a inclusión social e o coidado do medio ambiente a través de actividades deportivas.

Financiado pola empresa ENCE, con cargo á convocatoria do plan social ENCE Pontevedra, este programa logrou a participación de 113 persoas con discapacidade que practicaron tanto actividades de vela adaptada a bordo do veleiro Laion pola ría de Pontevedra como tamén realizaron unha andaina

polo paseo do río Lérez.

A actividade que máis participantes congregou foi a que se centrou na navegación de vela adaptada, na que participaron 77 persoas que embarcaron no veleiro dende os náuticos de Portonovo, Sanxenxo, Combarro e Beluso.

Na andaina polo río Lérez e a Illa das Esculturas pontevedresa participaron 36 persoas, todas elas usuarias de entidades membro da Federación COGAMI Pontevedra.

O Plan de Prioridades de Fundación ONCE financia 20 proxectos de COGAMI e entidades membro

Durante este ano, COGAMI e entidades membro presentaron un total de 20 proxectos á convocatoria de subvencións de COCEMFE, entidade que ten un acordo coa Fundación ONCE para executar o Plan de Prioridades e acometer actuacións necesarias para a inclusión das persoas con discapacidade. Nesta convocatoria presentáronse programas de atención á autonomía persoal, de supresión de barreiras psicosociais, de inversións en centros de servizos e vehículos de transporte colectivo.

Por un valor de 392.755 euros, realizaranse actividades como: atención integral nos centros de recursos de Medelo e Fingoi; desenvolvemento integral en A Mariña, baños adaptados para persoas ostomizadas, fisioterapia especializada a persoas con discapacidade, linfedema e artrite; atención integral a persoas con Fibrose Quística; atención a persoas con enfermidades neurodexenerativas; asesoramento e apoio social a persoas con Esclerose Múltiple; servizos especializados para a autonomía en Ourense; atención temperá e discapacidade infantil, vivenda tutelada. Sensibilizar, concienciar e formar na linguaxe inclusiva; atención psicosocial para persoas con enfermidade renal; a mellora de instalacións ademais do servizo de transporte adaptado en Fingoi e a adquisición de vehículos para a asociación Agora, foron os proxectos aprobados polo Plan de Prioridades para desenvolver durante este ano 2019 e o que vén.



Cristina Alonso durante a súa intervención no curso A arte como recurso pedagóxico

COGAMI viaxa a Madrid para explicar a súa experiencia participativa nos obradoiros de arte

Cristina Alonso, educadora social do centro de recursos de COGAMI en Lugo, participou en Madrid nun curso organizado pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo. Acompañada pola xerente da Rede Museística de Lugo, Encarna Lago, organismo que colabora con COGAMI promocionando a arte inclusiva, e a mestra do C.E.I.P As Gándaras, Ana Pérez, Cristina Alonso falou sobre a importancia de crear redes entre espazos culturais e centros educativos, conexións

que resultan positivas para as persoas participantes, como ocorre no centro de Fingoi. Outros proxectos europeos referidos foron Artability e A.R.T.S do programa ERASMUS+, desenvolvidos en COGAMI e compartidos coa Rede Museística e centros escolares, unha iniciativa á que se lle concedeu o premio *Boas prácticas en museos e centros de arte* concedido polo Consorcio MUSACCES.

Chegan a COGAMI máis de 40 solicitudes para formar parte do proxecto innovador que se desenvolve no CEGADI



Iván, un dos usuarios do programa, fai demostración no manexo dunha bicicleta adaptada

Dende que iniciou no mes de maio, chegaron a COGAMI máis de 40 solicitudes para formar parte do proxecto innovador de autonomía persoal que a Confederación está levando a cabo nas instalacións do CEGADI, en Santiago de Compostela, e que promove a Xunta de Galicia. Un equipo de 9 profesionais investiga novas metodoloxías, técnicas e intervencións para mellorar a autonomía de persoas que están en situación de dependencia dende unha idade temperá. Co fin de ver en primeira persoa este programa innovador, a conselleira de Política Social, Fabiola García, visitou as instalacións no que se desenvolve, acompañada polo director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

Ildelfonso de la Campa; ademais do presidente de COGAMI, Anxo Queiruga; e o director do CEGADI, Constantino Piñeiro.

Neste programa, que prioriza naquelas persoas que se atopan en situación de dependencia severa e que precisan axuda dunha terceira persoa e adaptacións tecnolóxicas, realizáronse 62 entrevistas de valoración, coas que se pretende dar resposta ás necesidades das persoas con discapacidade e ofrecerlles alternativas de atención a través da rede de recursos da súa contorna. “Críamos que para Galicia era necesario ter un centro que fora de referencia na autonomía persoal”, explicaba Anxo Queiruga.

Persoas usuarias do proxecto

Ata o CEGADI, acoden actualmente 17 persoas de maneira continuada, das que 13 son menores con idades entre os 4 e os 16 anos; o resto son persoas adultas con idades entre 35 e 47 anos. Todas elas reciben, dende mediados do mes de xuño, unha atención personalizada, a cada unha delas se lles trazou un itinerario de atención integral segundo as necesidades que demandan. Ata o de agora contéplanse 642 intervencións realizadas, destacando: sesións de valoración, atención específica, coordinacións, entrevistas familiares, visitas a domicilio, intervencións en contornas naturais polas que deambula a persoa,... A Conselleira expresou a importancia de que moitas das persoas usuarias están nunha etapa de desenvolvemento persoal, “que é crucial para que se adquira unha maior autonomía e nos próximos anos farase unha evolución das persoas que reciben este servizo”, apuntaba Fabiola García. O equipo que dirixe o proxecto innovador é interdisciplinar e está formado por 9 profesionais especialistas en disciplinas como: fisioterapia, terapia ocupacional, psicoloxía, logopedia, traballo social, persoal investigador, expertos en accesibilidade e intermediación laboral.

Como formar parte do proxecto

Este equipo avalía as necesidades das solicitudes que chegan a través da web www.cogami.gal, os servizos hospitalarios, derivados por COGAMI ou por boca a boca, para deseñar un itinerario personalizado dentro dun plan con enfoque dentro da comunidade. Cunha duración de 4 anos, todos os datos que se recollan da evolución da persoa e os seus resultados van servir de referencia para a mellora dos servizos a incluír na futura carteira de servizos comúns de prevención de situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal.

www.cogami.gal